

Autor: **XOSÉ BALLESTEROS**

Ilustradoras: **SOFÍA F. RODRÍGUEZ** e **ANA MÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

32 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

- Galego: "Os sete cabritos"
Os contos do trasno. ISBN 978-84-95123-06-0
- Castelán: "Los siete cabritillos"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-020-2
- Catalán: "Els set cabridets"
Kalandraka. ISBN 978-84-8464-021-9
- Euskera: "Zazpi antxumeak"
Amets egiteko liburuak. ISBN 978-84-8464-022-6
- Portugués: "Os sete cabritos"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-76-7

Prezo: 12 €



OS SETE CABRITOS

Érase unha vez unha cabra que tiña sete cabritos. Vivían nunha cabana, no medio do bosque. A cabra pedíalles sempre aos seus fillos que non xogasen lonxe da casa, pois por aquel bosque rondaba un lobo moi feroz.

- **Temática:** o fogar, a precaución
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos
- **Aspectos destacables:** as ilustracións son reproducións de figuras modeladas con plastilina; animais humanizados; máis de 30.000 exemplares vendidos
- **Aplicacións:** os animais, a natureza; a nenez, o fogar e as relacións familiares

KALANDRAKA vendeu xa máis de 30.000 exemplares deste conto dos irmáns Wilhelm e Jacob Grimm, que destaca pola súa orixinal proposta plástica. Os personaxes son figuras de plastilina, dotadas de gran expresividade. Cada imaxe está coidada ata o máis mínimo detalle, con escenografías elaboradas a base de tea, cartulina, madeira ou area, nas que non faltan elementos do bosque e do ámbito do fogar. Así, as árbores, as flores, a auga e as distintas dependencias da casa dos cabritos contribúe a situar o lector na historia, como un espectador de excepción de cada acción.

XOSÉ BALLESTEROS (Vigo, 1956)

Escritor, editor, especialista en literatura infantil e director de KALANDRAKA. Traballa desde hai máis de 18 anos no sector editorial. Imparte obradoiros de escrita creativa para mestres, escolares e afeccionados á literatura. Publicou, entre outras obras, a novela "Talego", Premio García Barros de Novela 1993 (Xerais) e "Viaxe á morada dos deuses" (Desafío 8000, 1999). No eido da literatura infantil e xuvenil publicou a serie "Os Gordibolas" (Xerais, 1996) e adaptou varios contos populares, como "O pequeno coello branco", "O gato con botas", "Tío Lobo", "Poucapalla" ou "O frautista de Hamelin", publicados por KALANDRAKA.

ANA MÍGUEZ (Soutomaior, 1968)

Diplomada en Maxisterio e licenciada en Belas Artes. Exerce como profesora de debuxo nun Instituto de Educación Secundaria de Cáceres. Participou en varias exposicións de pintura, gravado, fotografía e videocreación.

SOFÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (Pontevedra, 1968)

Licenciada en Belas Artes. Exerce como profesora de debuxo nun Instituto de Educación Secundaria de Cáceres. A súa obra participou en varias mostras de fotografía e videocreación realizadas en Pontevedra, Madrid, Santiago e Vigo, entre outras localidades.